

DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

CERTIFICADO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 16 de setembro de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN QUE ELEVA A MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO CEMITERIO DE CATABOIS. FASE I (AVS 03109 24/42) E ACORDOS COMPLEMENTARIOS (EXPEDIENTE CIVIDAS 2024020306). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Contratación, que textualmente di:

“A Xunta de Goberno Local de data 01/07/2024 aproba o expediente íntegro de contratación administrativa número **AVS 03109 24/42**; correspondente á execución das obras de **Ampliación do cemiterio de Catabois. Fase I** [consonte o Proxecto asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Antonio Durán Maciñeira en data 21.05.2024 e aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 3.06.2024); o gasto correspondente a dita contratación que ascende á cantidade de 1.261.993,82 € (21% IVE incluído) con cargo á aplicación 03109-1641-61908 do orzamento municipal, seguindo a tramitación anticipada prevista na DA 3ª LCSP, de xeito que a adxudicación deste contrato se somete á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato conste o seguinte desglose estimado por anualidades (anualidade 2024: 1.261.993,82 €); dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aberto simplificado previsto no artigo 159 LCSP, con pluralidade de criterios obxectivos de adxudicación, tramitación ordinaria, e proceder á publicación do correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Ferrol aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, así como dos documentos do expediente que conteñen a información á que se refire o artigo 63.3 LCSP e finalmente, encomendar ao servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e tramitación do oportuno expediente.

O día 09/07/2024 publicouse anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Ferrol aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP) outorgándolle aos licitadores un prazo de 20 días hábiles para a presentación de ofertas. O prazo remataba o día 29/07/2024 ás 23:59 horas.

A Mesa de Contratación Permanente se constitúe en sesión celebrada, en data 05/08/2024, co obxecto proceder coa apertura pública dos arquivos electrónicos-sobre ÚNICO presentados para o expediente de referencia; arquivos que conteñen as declaracións responsables do cumprimento de requisitos previos e as ofertas económicas que presenten os licitadores concorrentes. Previamente, o día 02/08/2024, publicouse en PLACE a convocatoria da apertura de ofertas. Non houbo interesados en presenciar o acto convocado.

Comprobada a ausencia de público asistente; deuse conta do procedemento seguido; da data de remate do prazo de licitación, e das sete ofertas presentadas, todas en prazo. De seguido; lembrouse que, segundo consta nos pregos que rexeñen a licitación, e de conformidade co establecido no artigo 77.1 a) da Lei 9/2017; os licitadores deberán posuír a clasificación como contratistas de obras no grupo C; subgrupo 2 e categoría 4.

A continuación, procedeuse co descifrado e apertura electrónica das proposicións presentadas, resultando como segue:

SOBRE ÚNICO		
<i>Tipo de licitación, sen IVE: 1.042.970,10€</i>		
1	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS SL	<ul style="list-style-type: none"> • Que oferta a execución do contrato na cantidade, sen IVE, de 1.042.030,00 € • Que oferta un incremento do prazo de garantía de 10 meses, por riba do prazo mínimo de garantía de un ano que figura nos pregos. <p><i>* Declara que ten previsto subcontratar unidades de obra, importe, con nome ou perfil empresarial</i></p>
2	MISTURAS SA	<ul style="list-style-type: none"> • Que oferta a execución do contrato na cantidade, sen IVE, de 974.665,00 € • Que oferta un incremento do prazo de garantía de 10 meses, por riba do prazo mínimo de garantía de un ano que figura nos pregos. <p><i>* Declara que ten previsto subcontratar unidades de obra, importe, con nome ou perfil empresarial</i></p>
3	OGMIOS PROYECTOS SL	<ul style="list-style-type: none"> • Que oferta a execución do contrato na cantidade, sen IVE, de 1.042.970,10 € • Que oferta un incremento do prazo de garantía de CERO (0) meses, por riba do prazo mínimo de garantía de un ano que figura nos pregos.
4	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA	<ul style="list-style-type: none"> • Que oferta a execución do contrato na cantidade, sen IVE, de 955.360,61 € • Que oferta un incremento do prazo de garantía de 10 meses, por riba do prazo mínimo de garantía de un ano que figura nos pregos. <p><i>* Declara que ten previsto subcontratar unidades de obra, importe, con nome ou perfil empresarial</i></p>
5	SERGONSA SERVICIOS SL	<ul style="list-style-type: none"> • Que oferta a execución do contrato na cantidade, sen IVE, de 950.620,00 € € • Que oferta un incremento do prazo de garantía de 10 meses, por riba do prazo mínimo de garantía de un ano que figura nos pregos. <p><i>* Declara que ten previsto subcontratar unidades de obra, importe, con nome ou perfil empresarial</i></p>
6	VILOR INFRAESTRUCTURAS SL	<ul style="list-style-type: none"> • Que oferta a execución do contrato na cantidade, sen IVE, de 973.715,00 € • Que oferta un incremento do prazo de garantía de 10 meses, por riba do prazo mínimo de garantía de un ano que figura nos pregos.
7	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	<ul style="list-style-type: none"> • Que oferta a execución do contrato na cantidade, sen IVE, de 949.415,68 € • Que oferta un incremento do prazo de garantía de 10 meses, por riba do prazo mínimo de garantía de un ano que figura nos pregos. <p><i>* Declara que ten previsto subcontratar unidades de obra, importe, con nome ou perfil empresarial</i></p>

Á vista do presentado e unha vez rematado o acto público; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, ACORDOU:

- Calificar favorablemente as declaracións relativas ao cumprimento de requisitos previos e as propostas presentadas polos licitadores inicialmente admitidos, nesta única fase do procedemento, correspondentes ás ofertas de valoración automática se remiten a revisión e informe dos servizos técnicos municipais.

Visto o informe e a valoración técnica, de data 05/08/2024, que asina a arquitecta técnica municipal no que consta a inexistencia de ofertas incursas en temeridade; a puntuación outorgada ás sete ofertas presentadas e a clasificación final por orde decrecente; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, ACORDOU:

- VALORAR o contido das ofertas automáticas (*prezo e aumento do prazo de garantía*) presentadas polos licitadores concorrentes e, en consecuencia, concluir a lista ordenada de xeito decrecente, resultando a clasificación final como segue:

		Clasificación final
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	100
2	SERGONSA SERVICIOS SL	98,78
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA	93,96
4	VILOR INFRAESTRUCTURAS SL	75,33
5	MISTURAS SA	74,37
6	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS SL	5,95
7	OGMIOS PROYECTO SL	0

- PROPOÑER A ADXUDICACIÓN do contrato correspondente á licitación AVS 03109 24/42 a favor da empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL por ser o candidato que acadou a mellor puntuación.
- REQUIRIR da empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL a presentación de documentación, nos termos establecidos na cláusula 27 do PCAP. Advertíndolle das consecuencias de non cumprimentar adecuadamente o requirimento no prazo concedido.

Tendo en conta o acordo adoptado polo órgano de asistencia, por medio da PLACSP, se require á empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL a presentación da documentación a que se refire a cláusula 27 do PCAP. A licitadora atende o requirimento do órgano de asistencia, dentro do prazo concedido, presentando documentación aos efectos requiridos.

A Mesa de Contratación Permanente reunida o 09/09/2024. para os efectos do disposto na cláusula 27 do PCAP e con motivo da adxudicación do contrato; considerando toda a documentación acreditativa presentada pola empresa mellor clasificada; tendo en conta os datos inscritos no ROLECE/ Rexistro Xeral de Contratistas Xunta de Galicia (nº 1219) referidos pola licitadora; a documentación solicitada de oficio (*inexistencia de débedas tributarias co Concello de Ferrol*); considerando a acreditación de clasificación Grupo C; Subgrupo 2, Categoría 5 (*superior á esixidas nos pregos: C, 2, 4*); visto o informe técnico favorable emitido pola arquitecta técnica municipal, en data 05/09/2024, no que respecta á acreditación documental da efectiva disposición de medios persoais e materiais que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato e considerando todos os extremos exigidos na cláusula 27 do PCAP; co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, se ACORDOU:

- CALIFICAR favorablemente a documentación acreditativa presentada pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL e, en consecuencia, elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación ao seu favor.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (artigo 150.3 LCSP). O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida a documentación presentada polo licitador proposto para a adxudicación do contrato e a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado pola Mesa de Contratación que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación (artigo 326.2 letra d) LCSP). A proposta realizarase a favor do

licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

Terceiro.- A competencia para a adxudicación deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, en virtude do disposto na DA 2ª.4 da LCSP e no acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023 (BOP nº 241 de 20/12/2023).

En base a canto antecede e polas razóns recollidas na parte expositiva; a proposta da MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE, con voto favorable de todos os vocais asistentes, **e previo informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal**, elévase á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente, para a adopción dos seguintes acordos:

- **Primeiro.-** ADXUDICAR; polas razóns recollidas na parte expositiva, con suxeción aos pregos de cláusulas que rexen o presente contrato e consonte á oferta presentada, a contratación administrativa número **AVS 03109 24/42** correspondente á execución das obras de **“Ampliación do cemiterio de Catabois. 1ª fase”** á empresa **XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL** (CIF B-36746584) na **cantidade total de: 1.148.792,97€** (949.415,68€ sen IVE e 199.377,29€ correspondente ao 21% de IVE)e un **incremento do prazo de garantía de 10 meses**, por riba do prazo mínimo de garantía de un ano que figura nos pregos.

O prazo de execución do contrato segundo o disposto nos pregos é de **8 meses***, dende o día seguinte a sinatura da acta de comprobación do replanteo da obra.

** O servizo que propuxo a contratación, en informe incorporado ao expediente en data 10/09/2024, refire a nova distribución orzamentaria quedando como segue: Ano 2024 (3 primeiros meses) = 431.915,46 €; Ano 2025 (5 meses restantes) 716.877,51 €*

- **Segundo.-** Proceder á FORMALIZACIÓN do contrato en documento administrativo no xeito previsto no artigo 151 LCSP; debendo efectuarse o trámite non máis tarde dos QUINCE DÍAS HÁBILES contados dende a data de envío do aviso da posta a disposición da notificación de adxudicación á dirección de correo electrónico que as empresas licitadoras interesadas facilitaron a ditos efectos na declaración responsable presentada no sobre único da presente licitación; debendo procederse de xeito simultáneo á publicación da adxudicación no perfil do contratante do Concello de Ferrol aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público o mesmo día de envío de referido aviso.
- **Terceiro.-** DESIGNAR a don David Couselo Méndez, arquitecto técnico municipal de Obras, como técnico municipal encargado do seguimento da execución do contrato; para os efectos do disposto no artigo 62.2 LCSP será responsable do contrato o director das obras.
- **Cuarto.-** Nos termos recollidos no epígrafe 18 do anexo I ao PCAP conforme ao establecido no artigo 202 LCSP se establecen as seguintes condicións especiais de execución que teñen o carácter de obrigas contractuais esenciais cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato conforme ao establecido na letra f) do artigo 211 LCSP ou á imposición de penalidades conforme ao previsto nos pregos, a xuízo do órgano de contratación:

Condicións de tipo social

XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL está obrigado durante todo o período de execución do contrato a respectar as condicións salariais e abonar o salario dos traballadores adscritos a execución do contrato conforme ao convenio colectivo de aplicación e as cotizacións da seguridade social.

A estes efectos, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL estará obrigada a presentar mensualmente unha declaración responsable de estar ao corrente no pago das súas obrigas salariais e de seguridade social cos traballadores adscritos a obra de acordo cos seus contratos, convenios de aplicación e demais normativa.

Outras condicións

Ademais do anterior, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL poderá optar por levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos unha das condicións de execución que se detallan a continuación:

- Coa finalidade de favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar, estableceuse como condición especial de execución que o operador económico que resulte adxudicatario deberá contratar, para adscribir a execución do contrato cunha dedicación mínima do 50%, a unha persoa dos seguintes colectivos a elección de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL:
 - unha muller traballadora demandante de emprego
 - unha persoa desempregada de longa duración; para estes efectos entenderase por persoa desempregada de longa duración aquela de 50 ou mais anos de idade, que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estea sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante os dezoito meses anteriores a súa contratación
 - unha persoa nova, menor de 30 anos, en situación de desemprego, a condición de que se atope en situación de desemprego polo menos nos tres meses anteriores a data da publicación da licitación na Plataforma de Contratación.
- Co fin de favorecer a formación no lugar de traballo, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL deberá realizar, durante o período de execución deste contrato, polo menos un curso de formación destinado ao persoal da empresa, cunha duración mínima de 8 horas en materia de capacitación laboral de carácter técnico (operador de maquinaria, albanelaria, fontanería, electricidade, carpintería, montaxe de estadas, instaladores, pintura, formigonado, mantemento de estradas, movemento de terras, explanacións, asfaltados, etc).
- Co fin de eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado laboral, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL deberá establecer un programa de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas integradas na empresa.

O responsable do contrato poderá requirirle en calquera momento ao contratista os documentos acreditativos do efectivo cumprimento, concedendolle un prazo máximo de 10 días hábiles para a súa presentación”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE